

ADEMAIS...

“Que estuden
para ser
independentes”

O 92% supera
as probas do
Celga 2

Dous novos
capítulos do
Orientaconsello

TODO SOBRE O “ENCANTRO DOWN GALICIA 2017”

“O que máis precisamos
é confianza, non medo”

ÍNDICE

O 92% d@s moz@s supera as probas do Celga 2	3
Dous novos capítulos do OrientaConsello!	5
Down Galicia demanda maior implicación no laboral	7
1.000 accións do Servizo de Orientación en 2016	11
Premio ao convenio de inclusión laboral na Sanidade	13
Todo sobre o Encontro Down Galicia 2017	17
“Que se esforcen e estuden para ser independentes”	27
14 novas Insercións laborais durante este verán	31
O CERMI reclama unha atención temperá universal	35
<i>Emprego Con Apoio</i> en primeira persoa desde Xuntos	39
Máis noticias?	41
Séguenos!	42

© Publicación da Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación





O 92% D@S MOZ@S DAS ENTIDADES APROBAN AS PROBAS DO CELGA 2

Un total de 11 persoas pertencentes ás entidades Down en Galicia da provincia de Pontevedra superaron as probas para a obtención do certificado Celga 2, o que supón un 92% de aprobados en relación ó total de presentados, 12.

Esta proba, celebrada o pasado 11 xuño na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) de Santiago de Compostela, permite acreditar o coñecemento que unha persoa ten do galego a efectos de xustificar méritos ou requisitos laborais e académicos.

As persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais que preparan estas certificacións contan co apoio das entidades Down en Galicia, pero desde a Federación considérase necesaria máis colaboración a nivel local para acceder máis facilmente á formación preparatoria do Celga.

Nesta edición, estas probas de certificación, dependentes da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, foron máis accesibles que en anos anteriores grazas ás achegas da Federación Down Galicia.

DOUS NOVOS CAPÍTULOS DO ORIENTACONSELLO

Down Galicia presenta cada mes un novo episodio de OrientaConsello, o microespazo en Youtube dedicado á busca activa de emprego.

Desta maneira, desde a última revista e co parón estival, dúas entregas foron publicadas, tendo como protagonistas membros de Down Ourense (Verónica) e Down Lugo (Saúl).

Así, Verónica Pardellas explica como funciona a comunicación verbal nunha entrevista de traballo, mentres Saúl Montoya aporta varios consellos sobre aquilo que non debemos facer na entrevista.

Esta iniciativa da Federación reivindica a inclusión e a filosofía colaborativa da rede, compartindo con todas aquelas persoas que o desexen consellos e trucos que as axuden na complicada tarefa que supón atopar un traballo.

Desta maneira, persoas usuarias das distintas entidades Down de Galicia tratan a través de vídeos breves e divertidos diversos temas do mundo da Orientación Laboral.

Dentro de moi pouco, Down Galicia visitará máis entidades á procura de grandes talentos como os que xa están dando que falar na canle de Youtube da Federación.

Capítulo 7: A comunicación verbal nunha entrevista, por Verónica Pardellas



Capítulo 8: O que non debes facer nunha entrevista, por Saúl Montoya



DOWN GALICIA DEMANDA IMPLICACIÓN NO EIDO LABORAL PARA A INCLUSIÓN

Down Galicia celebrou en outubro nas súas instalacións de Santiago un acto para poñer en valor as accións que tanto a Federación como as súas entidades levan a cabo para favorecer a inclusión das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual no mercado laboral ordinario.

Nesta acción de visibilización, centrada no programa Emprego con Apoio que Down Galicia vén desenvolvendo desde o ano 2002, participaron Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia; Martiño Noriega, alcalde de Compostela; Francisco Silva, delegado de Iberdrola en Galicia; e Pamela Casagrande, usuaria do programa de Emprego.

A xornada, que entre outras cousas buscaba concienciar sobre a importancia dos apoios das institucións públicas e das empresas privadas no eido da inclusión no emprego, deu comezo coa proxección dun vídeo sobre o proxecto de Emprego con Apoio, onde se explicaban as vantaxes do programa e se destacaban os datos máis relevantes do pasado ano 2016. A continuación, Pamela Casagrande deu paso a un segundo vídeo no que se amosaba un día no seu anterior traballo na Xunta de Galicia.

Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, aproveitou a súa intervención para explicar o funcionamento do programa e recalcar que “o apoio do tecido empresarial e da administración pública é fundamental para que o futuro da nosa sociedade se basee na igualdade e na inclusión”.

Prieto tamén escusou ao Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde López, quen non asistiu ao acto por mor da vaga de incendios que asola Galicia.

Francisco Silva, pola súa parte, salientou o “profundamente agradecida” que se atopa a Fundación Iberdrola por poder apoiar o programa de Emprego con Apoio, ó que considera básico para mellorar o acceso das persoas con discapacidade intelectual “a un complexo mundo laboral”.

A última intervención correu a cargo de Martiño Noriega, alcalde de Santiago de Compostela, quen destacou “a necesidade dun compromiso (co proxecto) por parte do Concello”, tanto como impulsor de contratacións como na sensibilización da sociedade. Noriega considera necesaria a “reserva de prazas” para persoas con discapacidade e cre que é unha “vía a explorar polas administracións públicas”. Así mesmo, quixo “agradecer a Down Galicia o traballo de concienciación e demanda constante”.

O programa de Emprego con Apoio conta nestes momentos co apoio económico da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da Fundación Iberdrola.

O acceso a un posto traballo é un dereito universalmente recoñecido. O seu desempeño inflúe directamente no modo en que unha persoa percibe aos demais e se percibe a si mesma. Deste xeito, a actividade laboral, como fin dunha traxectoria formativa, converteuse nunha das principais canles de inserción social das persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.



DELANO PÉREZ GONZÁLEZ
Presidente Down Galicia

MARTÍN MOREGA SÁNCHEZ
Alcalde de Santiago de Compostela

PAMELA CASAGRANDE PONS
Usuaria do programa Emprego con Apoio

O SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL SUPERA O MILLAR DE ACCIÓNS EN 2016


O Servizo de Orientación Laboral de Down Galicia contabilizou no pasado período 1.337 accións de orientación para un total de 369 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en busca activa de emprego, incrementado o número de persoas atendidas con respecto ao período anterior nun 3,65%. As accións desenvolvéronse entre febreiro de 2016 e xaneiro de 2017, no caso das técnicas de orientación das provincias de A Coruña e Pontevedra, e de setembro de 2016 a agosto de 2017 no caso da técnica de orientación das provincias de Lugo e Ourense.

As accións de orientación realizadas van encamiñadas a facilitarlle estratexias e recursos axeitados ás persoas inscritas na bolsa de demandantes do Servizo de Orientación de Down Galicia, de xeito que a súa busca activa de emprego sexa máis efectiva. Os grandes grupos de accións de orientación laboral compóñense de itinerarios personalizados de inserción (322 entrevistas), sesións grupais (381) e entrevistas personalizadas (634), co obxectivo de dar resposta ás necesidades dos demandantes de emprego en función do seu perfil profesional.

O servizo conta con persoal técnico especializado e realiza as súas actuacións nas principais cidades galegas. Para elo, conta con tres orientadoras laborais, que prestan servizo itinerante desde os tres centros de traballo, situados en Santiago de Compostela, Vigo e Ourense.

Coa dita distribución pódese dar cobertura á provincia de A Coruña -Ferrol, A Coruña, e Compostela-; á provincia de Pontevedra -Pontevedra e Vigo-; e ás provincias de Ourense e Lugo -Ourense, Lugo e Monforte de Lemos-, respectivamente.

O Servizo de Información, Orientación e Prospección de Emprego de Down Galicia (IOPE) é centro colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia, tendo competencias en materia de modificación de datos e actualización dos currículos dos demandantes que teñen como centro titor Down Galicia. Este servizo está financiado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.



RECOÑECIMENTO AO CONVENIO SOBRE INCLUSIÓN LABORAL NA SANIDADE

A colaboración entre Down Galicia, Fademga Plena Inclusión Galicia e a Consellería de Sanidade recibiu o 28 de setembro un dos galardóns na categoría de “Acción en Responsabilidade Social Sociosanitaria” dos III Premios Redacción Médica á Sanidade de Galicia polo acordo a prol da inclusión laboral na Sanidade pública. Estes galardóns teñen como obxectivo recoñecer as iniciativas de interese, as boas prácticas e as traxectorias destacadas do sector na nosa comunidade autónoma.

Os convenios premiados, que foron asinados o pasado ano, teñen como obxecto a colaboración para levar a cabo actividades que teñan por finalidade facilitar a adaptación e o desenvolvemento das funcións nos postos de traballo de persoas con discapacidade intelectual que pasen a prestar servizos no Servizo Galego de Saúde, ben como persoal estatutario fixo ou persoal temporal.

Estes documentos son o punto de partida para este proceso de inserción e adaptación efectiva ao posto de traballo de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual no SERGAS. Para iso, impartiranse cursos de formación específicos previos ao comezo da prestación de servizos na Administración, un seguimento do desempeño da actividade laboral e realizaranse obradoiros prácticos de intercambios de experiencias dirixidos ao persoal que realiza funcións de referencia na súa contorna de traballo.

Este galardón foi recollido pola Directora de Recursos Humanos do SERGAS, Margarita Vaamonde, o secretario de FADEMGAL Plena Inclusión Galicia, Marcelo da Cruz, e polo secretario da Federación Down Galicia, Elías Ledo. Todos agradeceron este recoñecemento e salientaron o traballo levado a cabo para sacar adiante un proxecto coma este. Ledo, pola súa parte, destacou a “importancia de seguir traballando xuntos, ao carón do resto de entidades, para seguir mellorando a atención e calidade da nosa Sanidade”.

Xurado III Premios Redacción Médica á Sanidade de Galicia

A entrega destes premios, outorgados por Sanitaria 2000 (empresa editora do diario Redacción Médica) tivo lugar no Hotel Oca Porta do Camiño de Santiago de Compostela e nela participaron profesionais do sector sanitario galego.

Un prestixioso xurado, composto por personalidades do sector sanitario, foi o encargado do fallo desta terceira edición. Conformaron este xurado persoeiros como Jesús Aguilar, presidente do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Farmacéuticos; Fernando Carballo, presidente da Federación de Asociacións Científico-Médicas Españolas (Facme); Miguel Carrero, presidente de Previsión Sanitaria Nacional (PSN); Ricardo De Lorenzo, avogado e presidente da Asociación Española de Dereito Sanitario; Joaquín Estévez, presidente da Sociedade Española de Directivos da Saúde (Sedisa), Máximo González Xurado, presidente do Consello Xeral de Enfermería ou Antonio Zapatero, presidente da Sociedade Española de Medicina Interna (SEMI).

Colaboran

OXIMESA
GRUPO PRAXAIR

Roche

III Premios redacción médica á Sanidade



TODO SOBRE O ENCONTRO 2017

“O QUE MÁIS PRECISAMOS É CONFIANZA, NON MEDO”

O intercambio de ideas foi o eixo central do Encontro 2017 de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, familias e profesionais de Down Galicia celebrado o 21 de outubro no CIFP Politécnico de Santiago.

Este encontro autonómico, ao que asistiron máis de 400 persoas, tivo por obxectivo proporcionar un espazo de encontro no que as persoas participantes puidesen compartir experiencias e coñecementos relacionados coa síndrome de Down e a discapacidade intelectual.

A xornada estivo conducida por Pedro García, un mozo usuario de Down Pontevedra “Xuntos”, e por Paula Fernández, da Fundación Down Compostela. Eles foron os encargados de dar a benvida a todas as persoas alí congregadas e dar paso ás intervencións institucionais e ós distintos relatorios e exposicións.

O acto inaugural correu a cargo do presidente de Down Galicia, Delmiro Prieto González, e da Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Fabiola García Martínez. Prieto aproveitou a súa intervención para agradecer a todas as persoas asistentes “a boa acollida dun evento tan necesario como este” e instou ós presentes a gozar dunha xornada “cuns contidos moi interesantes”.





Pep Ruf durante o seu relatorio no Encontro 2017

Interesantes relatorios sobre autonomía e vida independente

Os encargados de dinamizar a sesión matinal, centrada na autonomía e a vida independente, foron Beatriz Garvía e Pep Ruf, profesionais da Fundación Catalana Síndrome de Down, e Andreu Trias e Eva Casalprim, persoas usuarias da mesma Fundación.

Beatriz Garvía, psicóloga da Fundación Catalana Síndrome de Down e coordinadora do Servizo de Atención Terapéutica do Centro Médico Barcelona Down, explicou o que significa ser adulto e a importancia que para unha persoa coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual teñen os conceptos de identidade, autonomía e autoestima.

O relatorio de Pep Ruf, pedagogo e coordinador do servizo de vida independente “Me voy a casa” da Fundación Catalana Síndrome de Down, xirou sobre a relevancia da vida independente e o papel das familias como acompañantes en dito proceso.

Tralas intervencións de Garvía e Ruf, o turno foi para Andreu Trias e Eva Casalprim, dous mozos usuarios da mesma Fundación, que compartiron con tódolos presentes a súa experiencia como parella independizada.

Terminada a primeira parte da xornada, os asistentes foron comer e gozar dunha boa sobremesa onde seguir charlando. Nesta parte do Encontro estivo a Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González, que quixo compartir este momento cos asistentes.

Un programa cheo de posibilidades

Tras a hora do xantar, chegou a actividade máis esperada do día, xa que persoas usuarias e familiares das entidades Down de Galicia compartiron algunhas das súas experiencias de vida con todos os presentes.

Deste xeito, púidose escoitar a familiares falando da importancia da implicación nas xuntas directivas das súas entidades, relatos de superación na etapa educativa, experiencias positivas no eido da formación e o emprego, retos na busca dunha vida independente ou reivindicacións por un envellecemento activo.

A xornada rematou cun vídeo balance moi divertido cos datos máis relevantes da Federación Down Galicia no 2016.

Actividades lúdicas e espectáculos

De xeito paralelo ás actividades divulgativas e de debate, nenos e mozos de tódalas entidades e os seus familiares, puideron gozar de actividades lúdicas e espectáculos: xogos musicais e sensorias e circuitos de psicomotricidade para os máis pequenos, obradoiros de cociña e xogos de rastreo para nenos e adolescentes e obradoiros de música e creación de vídeos para os máis adultos.

Pero os momentos máis aplaudidos da xornada foron as actuacións de Isla Letriská e Don Gelati, nos que a totalidade dos participantes contemplaron abraiados o espectáculo clown “LeTriska Inmobile” e unha increíble sesión de maxia.



MEMORIA E BALANCE 2016

Movemento Down en Galicia

Que fixemos entre tod@s?



[¡XA PODES VER E DESCARGAR AQUÍ AS FOTOS DO ENCONTRO 2017!](#)





ENTREVISTA A DOUS TITULADOS EN FB BÁSICA

“QUE SE ESFORCEN E ESTUDEN PARA SER INDEPENDENTES”

Carlos González e Tamara Carballa son dous mozos de Vigo coa síndrome de Down que o pasado xullo, tras dous anos de moito estudo, superaron con éxito os ciclos formativos de Formación Profesional Básica nos que estaban matriculados.

Carlos, de 19 anos, cursou unha Formación Profesional Básica de Informática de Oficina no IES Pino Manso do Porriño e Tamara, de 20 anos, Formación Profesional Básica de Administración no IES Daniel Castelao de Vigo.

Ambos coinciden en que con tesón e esforzo pódese lograr calquera cousa e que con isto demóstranse a si mesmos e á sociedade que son capaces.

Agora, tras gozar dos meses de verán, queremos entrevistalos para facer balance e coñecer de primeira man as súas impresións.

DG. Que foi o que máis vos gustou destes cursos?

Carlos: Aprender cousas novas e saber que son capaz de superar as miñas dificultades.

Tamara: O que máis me gustou foi que nalgúñas actividades rimos unha chea e que (os meus compañeiros e máis eu) entendiámonos con só unha mirada.

DG. Que foi o que máis che custou?

C: Entender o que dabamos nalgunhas materias e integrarme no grupo de compañeiros. Despois, co esforzo e axuda dos profes e dos meus compañeiros, conseguino.

T: Costoume moito asumir os meus erros.

DG. Que tal cos vosos compañeiros e compañeiras?

C: Os compañeiros recibíronme moi ben, pero ás veces prefería estar só. Logo, en segundo, xa eramos amigos e falabamos das nosas cousas. Xogabamos ao fútbol no patio, víamos vídeos de Youtube xuntos, etc. En definitiva, teño que dicir que, aínda que me custou adaptarme ao grupo, aprendín moitas cousas deles e eles aprenderon que, aínda que teña síndrome de Down, podo sacar notazas e pasarmo ben.

T: Os meus compañeiros son o mellor que me pasou desde que empecei. Axúdanme a conseguir cousas novas e, de cando en vez, faciámonos compañía. Foron uns cursos moi movidos e cunha gran aprendizaxe.

DG. E os profesores e profesoras?

C: Respecto dos profesores, penso que todos foron moi bos comigo desde que empecei a FP Básica. Sempre me axudaron a entender as materias e déronme tempo para facer as cousas ao meu ritmo.

T: Pois todos súper simpáticos. Enfadábanse comigo de cando en vez, pero foron divertidos e un gran apoio para min. Esforzáronse por explicarme as cousas, ata as máis difíciles, detalladamente.

DG. Como vedes o voso futuro?

C: O curso que vén irei a un programa formativo na universidade. Ademais, gustaríame seguir aprendendo cousas, sobre todo de autonomía, para poder atopar un traballo, ter diñeiro, irme a vivir a un piso,...

T: Propúxenme seguir estudando. O que sempre me guiou foron os estudos, é o que máis valoro. Viaxando tamén se consegue aprender cousas novas, costumes e culturas de cada país.

DG. Contádenos algo máis para terminar

C: Animo a todas as persoas coa síndrome de Down a que se esforcen e estuden para mellorar e ser independentes.

T: Para acabar quero contarvos que me gustaría participar no Programa Mentor de Down Galicia na Universidade de Vigo.

Desde Down Galicia só podemos darvos os nosos máis sinceros parabéns. Bo traballo!

14 NOVAS INSERCIÓNS LABORAIS DURANTE ESTE VERÁN

O verán de 2017 chegou xa ao seu fin, pero deixou un moi bo sabor de boca en moitas das persoas participantes no programa de Emprego das entidades Down de Galicia.

E é que nestes catro meses, os que van de xuño a setembro, 20 persoas pertencentes ás distintas entidades membro da Federación Down Galicia, conseguiron un novo contrato de traballo, prorrogaron o que xa tiñan ou melloraron as súas condicións laborais. Así, neste período, acadáronse 14 novas insercións (4 en A Coruña, 3 en Vigo e Lugo, e 2 en Pontevedra e Ferrol), 5 ampliacións de contrato e 1 conversión en indefinido.

Estas novas oportunidades sumáronse aos contratos vixentes en toda a comunidade galega, sendo 129 as persoas que estiveron traballando en algún momento do período estival e, de estas, 113 facíano cun contrato indefinido.

Os postos de traballo desempeñados polos novos traballadores e traballadoras son bastante variados: manipulador de alimentos, operario de automoción, mariñeiro, conserxe, azafato de eventos, promotora de produtos, auxiliar administrativo, auxiliar de comedor, especialista en electrónica,... O que non fai máis que poñer de manifesto que as persoas usuarias da Federación Down Galicia e as súas entidades membro poden desenvolverse perfectamente en multitude de perfís profesionais.

E no outro lado da balanza atópanse as empresas. O colexio de avogados de Ferrol, a panadería A'Devesa, Bodegas El Paraguas, Fundación San Rosendo, o centro deportivo Be one, Alcampo ou o Concello de Agolada son algunhas das compañías ou institucións que neste período estival apostaron pola incorporación de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual ós seus equipos de traballo.

A estas oportunidades laborais temos que sumar 24 prácticas formativas, que serviron para que aquelas persoas que as levaron a cabo adquirisen unha experiencia que favorecerá as súas futuras posibilidades de inserción no mercado laboral ordinario.

O acceso a un posto de traballo é un dereito universalmente recoñecido. O seu desempeño inflúe directamente no modo en que unha persoa percibe aos demais e se percibe a si mesma. Tamén inflúe no modo en que esa persoa é percibida e valorada pola sociedade e, por suposto, no grao de liberdade de que dispón no aspecto económico e social. Deste xeito, a actividade laboral, como fin dunha traxectoria formativa, converteuse nunha das principais canles de inserción social das persoas con discapacidade intelectual.



O CERMI RECLAMA ATENCIÓN TEMPERÁ UNIVERSAL, GRATUITA E INCLUSIVA

O Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad (CERMI) reclamou que se garanta a atención temperá á infancia con discapacidade ou en risco de adquirila, mediante un modelo universal, gratuíto e inclusivo, posto que os servizos actuais non chegan a unha parte importante dos menores que deberían recibila.

Así o puxo de relevo o CERMI Estatal no documento “Atención temperá. Polo dereito primordial da infancia á saúde e ao seu pleno desenvolvemento”, que aprobou en setembro a entidade durante a reunión do seu Comité Executivo.

O documento político apoia os seus argumentos en favor da atención temperá con diferentes estudos e informes, como o “Libro Branco de Atención Temperá”, e en mandatos legais como os que emanan da Convención da ONU sobre os Dereitos do Neno; a Convención Internacional dos Dereitos das Persoas con Discapacidade; a Estratexia Europea 2020 sobre Discapacidade; a propia Constitución Española, e a Lei dos dereitos das persoas con discapacidade do ano 2013.

A pesar das evidencias científicas e ás obrigacións legais, diferentes estudos, como o realizado en 2013 pola Federación Estatal de Profesionais de Atención Temperá, denunciaron a baixa cobertura destes servizos. Segundo o traballo da organización, a poboación atendida en España polos diversos servizos de atención temperá era de 46.309 menores (o 1,35% da poboación nesa franxa de idade).

Con todo, a poboación diana, segundo ese mesmo estudo, debería cubrir un 10,25% da infancia nesa etapa vital, polo que se estaba producindo un nivel de cobertura inferior ao 15%. Ademais, as CCAA que teñen algún tipo de regulación destes servizos contan con leis dos anos 80 ou 90.

Ante este escenario, o CERMI reclama que a atención temperá sexa un dereito universal de toda a infancia con alteracións do desenvolvemento ou risco de padecerlas independentemente do apoio requirido, no marco dun modelo avanzado de resposta que se caracterice pola calidade da atención, a adaptación dos apoios ás necesidades do neno ou nena e da súa familia, e por unha garantía pública de recursos e medios para a súa plena universalización.

Ademais, debe garantirse unha perspectiva de xénero, para atender as necesidades específicas das nenas con discapacidade, á vez que se debe traballar para que a atención chegue coa mesma intensidade ás zonas rurais.

Por todo iso, é fundamental a aprobación dunha Lei Orgánica de universalización da Atención Temperá e o Apoio ao Desenvolvemento Infantil, que sirva para deseñar protocolos de actuación, que se adecúe ás obrigacións legais tanto nacionais como internacionais e que estableza uns servizos mínimos en todo o Estado español. A xuízo do CERMI, é necesario tamén crear organismos sobre atención temperá nos que traballen conxuntamente as diferentes administracións e as organizacións do ámbito da infancia e da discapacidade.




EMPREGO CON APOIO EN PRIMEIRA PERSOA DESDE DOWN PONTEVEDRA XUNTOS

O pasado verán Down Pontevedra Xuntos e Fundación Vodafone España presentaron no Pazo de Mugartegui 'Enreda2', unha iniciativa cuxo obxectivo é poñer en contacto a empresarios e empresarias da zona e a mozos e mozas coa síndrome de Down co obxectivo de que dialoguen e intercambien opinións sobre os beneficios que ten a inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual, tanto para este colectivo como para o ámbito empresarial.

Esta acción de networking, que xorde a partir do programa de formación prelaboral 'Yo me prep@ro' impulsado por ambas as entidades, permitiu que o empresariado poidan coñecer de preto a persoas con esta discapacidade intelectual candidatas a incorporarse como traballadores e traballadoras nas súas empresas. A interacción entre empregadores e posibles empregados serviu para que o sector empresarial derrube prexuízos e falsos estereotipos que historicamente se relacionaron coa síndrome de Down.

E é que, a pesar de contar coa formación adecuada e ser persoas constantes, metódicas e organizadas, tan só o 5% das persoas coa síndrome de Down puido demostrar a súa valía; por iso é indispensable contar co apoio e a colaboración do tecido empresarial. Así, grazas a 'Enreda2', e mediante a conversación e a formulación de diversos xogos, os empresarios e empresarias puideron coñecer de primeira man as cualidades que estes mozos atesouran.

Durante a xornada, ca intención de achegar o servizo de Emprego Con Apoio ás empresarias e empresarios, Xuntos presentou en primeira persoa as experiencias de algúns dos participantes no programa, tanto de maneira presencial como en forma de reportaxe en vídeo.



MÁIS NOTICIAS?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para lelas!

Fotografías de persoas usuarias de Down Lugo protagonizan unha mostra na Capela de Santa María

A capela de Santa María acolle ata o 29 de outubro a mostra fotográfica gratuíta “Enfocando Historias”, que recolle 36 fotografías realizadas por 17 persoas usuarias de Down Lugo dirixidas pola fotógrafa Aleksandra Dmitrieva, voluntaria e encargada do obradoiro de imaxe.

Teima e o Concello de Ferrol asinan un novo convenio de colaboración

O Concello de Ferrol e Teima Down Ferrol asinaron este verán un novo convenio de colaboración. A achega de 35.000€ irá destinada ao Programa “Participando. Inclusión na vida adulta” que Teima leva a cabo para apoiar a emancipación e a autonomía.

AJE Ourense colabora con Down Ourense na II Carreira das Empresas

A Asociación de Xoves Empresarios colaborou con Down Ourense na Carreira das Empresas que celebrou a súa segunda edición o domingo 8 de outubro. A través das inscricións, AJE puido facer entrega dun cheque de 300 euros para colaborar na desenvolvemento da entidade.

SÉGUENOS!



DownGalicia.org



Facebook.com/DownGalicia



Twitter.com/DownGalicia



Youtube.com/DownGalicia



Flickr.com/DownGalicia

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no e-mail comunicacion@downgalicia.org.

